



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA DE
ABELENDO



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

O CONSELLO ESCOLAR é un órgano onde se toman decisións de xeito consensuado e a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade educativa.

No noso centro está formado por:

- A directora, que actúa como Presidenta
- Xefa de estudos
- 5 persoas mestras elixidas polo Claustro
- 5 representantes de familias, un deles proposto pola ANPA
- 1 representante do Persoal de Administración e Servizos
- 1 representante do Concello
- A secretaria do centro, con voz, pero sen voto

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (*DOG N° 180, MÉRCORES 18 DE SETEMBRO DE 2024*), no mes de novembro ábrese un PROCESO ELECTORAL nos centros educativos para a renovación parcial dos compoñentes do Consello Escolar.

A organización e supervisión deste procedemento de elección dos novos membros estará a cargo da XUNTA ELECTORAL, que se constituirá ao efecto, e estará integrada por:

- A Directora
- Unha mestra ou mestre
- Unha nai/pai ou titor/a legal
- 1 representante do PAS

Os tres últimos serán designados por SORTEO segundo establece o *artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril* redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do *Decreto 324/1996, do 26 de xullo* (DOGA do 9 de agosto). Dito sorteo, que será PÚBLICO, no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase o vindeiro venres 18 DE OUTUBRO na biblioteca da escola ás 10:30h. Calquera persoa da comunidade educativa pode presenciar o sorteo. Posteriormente, enviaremos por escrito as citacións para a constitución da Xunta Electoral aos membros designados en dito sorteo.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas convocatorias que proximamente fará públicas a Xunta Electoral do Centro.

Moaña, 14 de outubro de 2024
A directora
Eva Amalia Grobas Fernández